

*morreu*



*o demo*

# GRUPO DE EDICIÓN E COMUNICACIÓN

A entidade conta cun grupo de traballo específico dedicado á edición e a comunicación.

## OBXECTIVO

O obxectivo deste grupo é divulgar o patrimonio titiriteiro e as propias actividades da AC Morreu o Demo entre a poboación xeral, o ámbito académico e o espazo profesional dos títeres mediante a edición, física ou electrónica de libros, exposicións, webs e outros contidos, así como a creación de imaxes gráficas para a mesma e as súas diferentes liñas de traballo.


Para isto desenvolve accións nos seguintes campos:


- ✎ Elaboración e edición, desde a propia asociación, de libros, folletos, exposicións e contidos web e multimedia sobre Barriga Verde, o teatro e os títeres populares e tradicionais.
- ✎ Elaboración da imaxe e textos do programa do festival Titiriberia e doutras propostas de artes escénicas da asociación.
- ✎ Xestión e seguimento dos traballos de impresión vencellados aos proxectos da Ac Morreu o Demo
- ✎ Deseño e elaboración do web da Asociación e doutros webs específicos das actividades.
- ✎ Xestión e asesoramento de edicións sobre Barriga Verde e o títere tradicional con outras empresas e colectivos.
- ✎ Elaboración de contidos e deseño de exposicións da asociación.


## COMPOÑENTES


O grupo está composto por profesionais do ámbito da comunicación e do deseño, así como con persoas con experiencia no campo da edición e da divulgación cultural.

No comezo de 2021 os seus membros son:

 **Comba Campoi:** Xornalista e investigadora, promotora cultural e produtora executiva en Tintimán Audiovisual, unha sociedade dedicada á produción de documentais, entre outras actividades de promoción cultural. No ano 2012 a produtora presentou a longametraxe documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*, ao redor da figura de Barriga Verde e da tradición europea de títeres de luva. Na súa tese doutoral “O teatro popular de marionetas como medio de comunicación das subalternas. O caso do espectáculo de Barriga Verde na Galiza de Posguerra (1936-1960)” investigou o papel das barracas de feira como forma de comunicación popular durante o franquismo.

 **Xulio Balado:** Bibliotecario, responsable da biblioteca do Museo Galego da Marioneta. Membro fundador de Viravolta Títeres e da Asociación de titiriteiros galegos.

 **Germám Ermida:** xornalista e antropólogo. Para alén do seu traballo no xornalismo cultural desde 2000 no portal Culturagalega. gal do Consello da Cultura Galega, desenvolve unha intensa tarefa no campo asociativo en diferentes entidades desde hai case 20 anos. Foi promotor da asociación BD Banda para a promoción do cómic galego, dentro da cal organizou distintas exposicións ou actividades de difusión. Tamén participou na coordinación da presenza galega no Saló do Còmic de Barcelona durante varios anos e as actividades de BD no Salón del Libro Infantil de Pontevedra (2009).

 **Heitor Real:** Debuxante, deseñador gráfico e deseñador web. Responsable de postprodución. Membro fundador das asociacións de banda deseñada Frente Comixario e BD Banda. Participou nas revistas de humor *XO!* e *Retranca* como integrante de “Pestinho+1”. Foi presidente da Asociación Cultural Auriense.

## ACCIÓN

### 2021


 Deseño e edición do catálogo e programa do festival Titiriberia (xuño-xullo de 2021)

 Deseño da imaxe do festival Titiriberia (xuño 2021)

<https://barrigaverde.eu/cms/o-vi-titiriberia-levara-dez-companias-a-rianxo-entre-o-20-e-o-24-de-xullo/>

 Deseño da imaxe da cartelería “Barriga Verde na Feira de Francos” (outubro 2021)

<https://barrigaverde.eu/cms/barriga-verde-volta-a-feira-cabalar-de-san-martino-en-teo/>

 Deseño e elaboración da exposición didáctica “Eu son Barriga Verde” (xuño-outubro de 2021) <https://drive.google.com/file/d/1XJdjEkDqgnkxBOljwXvvgg8La1UnYMxDG/view?usp=sharing>

 Deseño da imaxe dos vídeos do festival Titiriberia (novembro 2021)

<https://youtube.com/playlist?list=PL0VxWyBERW3M9eQTE6757QRLzhHETDhCr>


 Deseño da imaxe dos vídeos Títeres de Salón

<https://barrigaverde.eu/cms/morreu-o-demo-publica-novos-videos-para-expandir-o-marionetismo/>

### 2020

 Deseño e edición do catálogo e programa do festival Titiriberia (set-dec. 2020).

 Deseño da imaxe do festival Titiriberia (outubro 2020)

 Deseño e elaboración da exposición didáctica “A arte dos Silvent” (xuño-outubro de 2020) <https://drive.google.com/file/d/1XJdjEkDqgnkxBOljwXvvgg8La1UnYMxDG/view?usp=sharing>

 Deseño da imaxe dos vídeos do festival Titiriberia (novembro 2020)

<https://youtube.com/playlist?list=PL0VxWyBERW3M9eQTE6757QRLzhHETDhCr>

### 2019

 Revisión do libro *Sen medo ao demo* (Febreiro-Maio de 2018)

A Asociación colaborou na revisión e elaboración do ensaio de Comba Campoi editado por Dr. Alveiros, selo da Fundación Vicente Risco.

[https://tenda.airadasletras.gal/es/libro/sen-medo-ao-demo\\_41779](https://tenda.airadasletras.gal/es/libro/sen-medo-ao-demo_41779)

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/lalin/2018/07/07/cultura-presentacion-linares-libro-sen-medo-ao-demo-comba-campoi/0003\\_201807D7C3997.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/lalin/2018/07/07/cultura-presentacion-linares-libro-sen-medo-ao-demo-comba-campoi/0003_201807D7C3997.htm)

📁 Deseño e elaboración da exposición “A grande familia do títere europeo” (xuño-outubro de 2019).

📁 Elaboración de imaxe, presentación e dosieres do proxecto Da Barraca á aula (xaneiro-marzo de 2019).

## 2018

📁 Elaboración de imaxe, programa, dossier e catálogo de Titiriberia 2018 (Outubro 2018) O grupo de publicacións elaborou, revisou e desenvolveu a documentación para medios do Festival titiriberia e mais o catálogo correspondente.

[https://drive.google.com/open?id=1gpT\\_08pqwLM1vR0Z1YN-bnbnJEG3tbSu](https://drive.google.com/open?id=1gpT_08pqwLM1vR0Z1YN-bnbnJEG3tbSu)

## 2017

📁 Elaboración de imaxe, programa, dossier e catálogo de Titiriberia 2017 (Outubro 2017) O grupo de publicacións elaborou, revisou e desenvolveu a documentación para medios do Festival titiriberia e mais o catálogo correspondente.

[https://drive.google.com/open?id=1gpT\\_08pqwLM1vR0Z1YN-bnbnJEG3tbSu](https://drive.google.com/open?id=1gpT_08pqwLM1vR0Z1YN-bnbnJEG3tbSu)

## 2016

📁 Elaboración de imaxe, programa, dossier e catálogo de Titiriberia 2016 (Outubro 2016). O grupo de publicacións elaborou, revisou e desenvolveu a documentación para medios do Festival titiriberia e mais o catálogo correspondente.

[https://drive.google.com/open?id=1gpT\\_08pqwLM1vR0Z1YN-bnbnJEG3tbSu](https://drive.google.com/open?id=1gpT_08pqwLM1vR0Z1YN-bnbnJEG3tbSu)

📁 Deseño, xestión de impresión e asesoramento na edición do libro infantil “Barriga Verde: unha odisea na feira”, conto protagonizado por Barriga Verde no mundo das feiras tradicionais para lectores a partir de 8 anos. Presentado no Culturgal 2016

<https://www.pinterest.es/pin/13299761377092155/>

<http://culturgal.com/nenas-e-nenos-chega-culturgal-2016-cargadino-de-actividades/>

## 2015


📁 Coordinación, deseño e elaboración do catálogo “Barriga Verde: De feira en feira” <http://barrigaverde.eu/cms/catalogo-barriga-verde-de-feira-en-feira/>

📁 Deseño e imaxe da exposición “barriga Verde: De feira en feira”


2014

 Deseño e elaboración da exposición “Onde foi Barriga Verde?”

<http://barrigaverde.eu/cms/exposicion-e-guia-didactica-onde-foi-barriga-verde/>

 Xestión, asesoramento e achega de material gráfico a Urco Editora para a edición de “Xosé Silvent Martínez. O mítico Barriga Verde”

<http://barrigaverde.eu/cms/255/>

 Xestión, asesoramento, deseño, coordinación e edición, xunto a Urco Editora do Libro-DVD “Morreu o Demo, acabouse a peseta”.

<http://barrigaverde.eu/cms/249/>